

Arteixo / Cultura



PRIM' ART

abril | maio | xuño | 2024

música | danza | teatro | circo
exposicións | premios

Venres 5 de abril / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Gloria Nacional de Teatro do Noroeste

Teatro / Comedia - Público adulto

Duración: 100 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €

Uxío Rodas, escultor e pintor, é considerado polos seus contemporáneos unha auténtica “gloria nacional”. As súas esculturas están nos mellores museos internacionais. Agora está no seu estudio, apartado da civilización, tentando concentrarse no seu traballo máis importante. O goberno do seu país, a través do seu presidente, antigo camarada de Uxío, acaba de encargarlle unha escultura monumental que se colocará na praza principal da capital. Unha escultura que represente e simbolice a nación. A Uxío cústalle encarar o seu traballo, está en crise creativa, e estando nesas recibe a visita, primeiro da súa representante e marchante nos mercados internacionais e despois a da propia ministra de Cultura do seu país.

O actual debate, arte, cultura, mercados e política está servido.

Autor e dirección: Eduardo Alonso

Elenco artístico: Miguel Pernas, Luma Gómez e Manuela Varela



Venres 12 de abril / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Invisibles de Redrum Teatro

Teatro / Drama - Público adulto (+12 anos)

Duración: 90 minutos - Con invitación

Invisibles é un espectáculo de creación colectiva a partir da novela homónima de **Montse Fajardo**, que presenta diversas historias cun fío común entre elas: a violencia de xénero. O seu interese reside na exposición de historias reais protagonizadas por mulleres galegas, historias sobre malos tratos, algunhas delas xa coñecidas polo público pola súa repercusión mediática. Con este espectáculo preténdese concienciar e sensibilizar ao público sobre esta lacra social amosando a invisibilidade dos agresores fronte á exposición das vítimas.

Autora: Montse Fajardo

Adaptación: Marián Brañobre e Santiago Cortegoso

Dirección: Marián Brañobre | Elenco artístico: Mela Casal, Sheyla Fariña e Nieves Rodríguez



3 Premios María Casares á mellor iluminación, mellor adaptación e mellor dirección

Organiza: Centro de Información á Muller

Venres 19 de abril / 18:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Kyoki de Elefante Elegante

Teatro / Xestual - Público familiar e infantil (+3 anos)

Duración: 45 minutos - Con entrada: 3 € e 2,25 €

KYOKI significa “demencia” en xaponés e refírese a unha alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. É certo que adoita verificarse en persoas de idade avanzada, mais... quen nunca se esqueceu onde colocou a caixa das galletas, por distracción vestiu o xerse do revés ou saíu de casa atrasado para o cole sen peitear o cabelo? KYOKI trata a temática da memoria, da vellez, da demencia e da soidade, e da dura e esixente tarefa de coidar ás persoas maiores e enfermas.

Autor: Gonçalo Guerreiro e María Torres | Dirección: Gonçalo Guerreiro | Elenco artístico: María Torres e Mario Rodríguez



Venres 26 de abril / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Qualia de Lad Company Dance

Danza contemporánea - Público adulto

Duración: 45 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €

No noso día a día creamos lugares onde sentirnos seguros, tranquilos e arroupados. Pensamos nesta “zona de confort” como un refuxio inalterable, onde nada nin ninguén pode entrar. Sen embargo, a realidade é outra. A enerxía das persoas pode influír neste lugar alterándoo de diversas formas. En *Qualia* explórase esta inestabilidade dende o noso lado máis humano. O escenario convértese nun campo de batalla e, no seu centro, un lugar iluminado onde atopar esas sensacións que tanto anhelamos. Catro bailaríns serán os encargados de remover esa enerxía para demostrarnos que nada é o que parece.

Autor e dirección: Iago Alonso Abad

Elenco artístico: Celia Vioque Moreno,

María Montañá Porta, Sara del Río e Pablo Bass de Fina



29 de abril, Día Internacional da Danza





Sábado 27 de abril / 20:00 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
As Alicias de ES3HA2 de Melandrainas
Teatro / Fantasía - Todos os públicos
Duración: 90 minutos - Con invitación

Nun mundo cheo de fantasía, unha rapaza chamada Alicia, acompañada da man da súa conciencia, viaxa a través dos soños, nos cales vai atopándose con multitude de personaxes, dende un coello con reloxo, unha raíz de corazóns, unha tartaruga artificial, un sombrereiro algo tolo e moitos máis que a acompañarán nesta viaxe co fin de coñecerse a si mesma.

Dirección: Antía del Río Fernández
Elenco artístico: Sara Rodríguez Pan, Saleta Varela Rega, María Calviño Ferreiro, Darío Rodríguez Pan, Laura Pardo Varela, Marta Pardo Varela, Noa Vela Pérez, Nerea Barreiro González, Adara Aldao Imbrech, Nuria Conde García, Emma Lyss Casais Alen, Manu Torreira Martínez, Xan Cousillas Otero

Organiza: Melandrainas en colaboración co SM de Cultura



Venres 3 de maio / 18:30 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
O violino de Luísa de Oviravai
Narración Oral / Música - Público infantil (8-13 anos)
Duración: 50 minutos - Con invitación

Este 2024, a gran festa da nosa lingua, a festa das Letras Galegas, está de parabéns porque a gran Luísa Villalta será a homenaxeada. Por este motivo Oviravai preparou unha festa marabillosa a través da música e a palabra. Ademais de coñecer a vida e a obra de Luísa Villalta, no libro do mesmo título, acompañarémola, de nena, nunha grande aventura polas rúas da Coruña na procura da poesía e da música perdidas.

Creación e elenco artístico: Verónica Santalices e Federico Welicki

Toda a rapazada asistente ao espectáculo recibirá de agasallo, como deferencia do Servizo Municipal de Cultura, o libro “O violino de Luísa” publicado por Editorial Galaxia

Venres 10 de maio / 19:30 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
Celebración do 25º Aniversario do CCC de Arteixo e Entrega de premios do “33º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía”
Promoción das Letras / Música - Todos os públicos - Con invitación

O 30 de novembro de 2023 o Pleno da corporación aprobou, por unanimidade, nomear ao Centro Cívico Cultural de Arteixo como **CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO MANUEL MURGUÍA**, o lugar de referencia e o máis identificado co movemento cultural e co eido literario galego do municipio.

Co gallo dos 25 anos dende a súa inauguración (8 de maio de 1999) a fachada do Centro Cívico Cultural de Arteixo será rotulada co nome do Patriarca das Letras que descubriremos con motivo da Gala de Entrega de Premios do Certame Manuel Murguía.

Os actos estarán amenizados por distintas agrupacións musicais, coa actuación estelar de **Paty Lesta & Cristian Leggiero** en formato dúo de piano e voz que interpretarán estándares de jazz, soul, pop español tradicional e música tradicional galega versionada en clave de jazz.

Venres 17 de maio / 13:30 h
Urbanización Sol e Mar de Oseiro
“Ofrenda floral na honra de Manuel Murguía”
Promoción das Letras

Acto de conmemoración do Día das Letras Galegas organizado pola AVV Manuel Murguía en colaboración co Servizo Municipal de Cultura.

MANUEL MUR
Eduardo Casal



Arteixo / Cultura

Venres 24 de maio / 13:00 h

Praza do Balneario

9º Concurso de Maíos e Entrega de premios

Promoción das tradicións - Todos os públicos

O Concello de Arteixo convoca o tradicional Concurso de Maíos. Os maíos participantes serán expostos na Avenida do Balneario durante esa fin de semana co fin de promover a tradición, o respecto á natureza, e fomentar a creatividade e o goce polo artístico. Mantense a existencia de dúas modalidades: **Maio Tradicional**, o que representa formas de pirámide, cono ou cruceiro, e o **Maio Artístico**, o que recrea figuras humanas, escenas cotiás, monumentos, obras de arte ou a representación libre dos maíos, podendo utilizar calquera tipo de material. Cada modalidade está dotada cun único premio de **400 €**, concedéndose un **premio especial para centros educativos**, tamén de 400 €. Ademais, concederanse premios de 100 € pola participación. O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 17 de maio.



Venres 24 de maio / 20:30 h

Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía

Noa noa de Apetahí Galicia

Danza polinesia - Todos os públicos

Duración: 50 minutos - Con invitación

Inspirada no libro **Noa Noa, diario de Tahiti**, a obra literaria máis coñecida do artista **Paul Gauguin**, a Asociación Apetahi Galicia propón unha viaxe entre anotacións, poemas e acuarelas do coñecido pintor francés nun formato íntimo onde se mesturan letras, música e danzas tradicionais e orixinarias da polinesia francesa.

O espectáculo conta con músicos en directo e un elenco de bailarinas que amosarán ao público a beleza da cultura tahitiana, un pobo recóndito e descoñecido cun profundo amor pola natureza, que conquista o corazón de todo aquel que o descobre... Cantos e artesanía tradicional completan esta pequena inmersión nas illas do Pacífico Sur, tan soñadas ao longo da historia da humanidade...



Domingo 26 de maio / 13:00 h

Praza do Balneario

Back 2 Classics de Planeta Trampolí

Circo / Comedia - Público familiar

Duración: 45 minutos - Espectáculo de rúa

Espectáculo de cama elástica fresco, próximo e íntimo para toda a familia onde o circo máis clásico se fusiona con culturas urbanas mediante o baile, a música e a arte do turntablism (scratch con discos de vinilo). Unha proposta onde a cama elástica toma vida propia entre as tolemias e acrobacias do seu protagonista. Unha viaxe ao pasado que máis nos namora, cheos de humor, poesía, inocencia, ritmo e carambolas que cambiarán o concepto que temos da cama elástica.

Autor, dirección e artista: Ángel de Miguel



Domingo 26 de maio / 17:30 h

Anfiteatro

Concerto singular de Píscore coa Banda de Música Santiago de Arteixo

Música / Comedia - Todos os públicos

Duración: 45 minutos - Espectáculo de rúa

Píscore son 4 virtuosos músicos que nos levan a unha dimensión musical e humorística realmente especial. Mesturando a excelencia musical e a comedia de alto nivel, conseguen actualizar o humor mudo máis clásico e anovan a disciplina cunha proposta diferente, orixinal e de calidade cunha marimba enorme no medio da acción e coa participación da Banda de Música Santiago de Arteixo. Con referencias elevadas como **Pagagnini de Yllana**, **Funamviolistas** ou **Les Luthiers** comeza con forza unha das nosas grandes apostas do futuro.

Estamos ante un espectáculo orixinal que mestura o virtuosismo musical e os ritmos coa comedia xestual e o clown. O resultado? Diversión asegurada para toda a familia.

Premio do Público Festiclown 2017



Venres 31 de maio / 20:30 h
Auditorio CCC de Arteixo Manuel Murguía
Concerto de Catuxa Salom
VII edición Elas Son Artistas 2024
Ciclo Metropolitano pola Igualdade
na Música e nas Artes
Música - Público adulto
Duración: 60 minutos - Con entrada: 4 € e 3 €



Catuxa Salom é unha artista galega de raíces arxentinas e unha das voces máis destacadas do movemento folk-electrónico do momento. En 2022 publica o seu disco revelación **Nunha aldea**, que reflicte en cada canción un universo sonoro que vai da música tradicional galega aos ritmos latinos. Un disco envolto por unha atmosfera tribal que convida ao baile e nos conecta co noso lado máis puro e salvaxe. De Aimogasta ás montañas de Lugo, Catuxa Salom crea un lugar onde o fogar e o amor pola natureza están moi presentes. Máis de 40 concertos avalan a xira de presentación do seu primeiro traballo. O seu novo disco verá a luz en 2024.

Finalista nos Premios Martín Códax en 2022 e 2023 da música galega na categoría de Músicas do Mundo

BEBE SHOW NA CAPELA DO BALNEARIO

Venres 7 de xuño / 18:30 h
Capela do Balneario
Bichocas de Xarope Tulú
Teatro / Narración Oral
Público familiar e infantil (1-6 anos)
Duración: 35 minutos - Con invitación

Bichocas é un espectáculo adicado á primeira infancia onde os obxectos e a palabra nos fan viaxar a través do mundo animal. As protagonistas das nosas historias aprenderán nesta viaxe a importancia de seren diversas e a posibilidade de compartir coas demais os seus afectos. *Bichocas* ten como obxectivos estimular a creatividade individual e colectiva, incentivar á observación activa das crianzas, ofrecer propostas escénicas para aquelas crianzas que adquiren o galego como lingua inicial, fomentar o uso do galego e recoñecer a riqueza léxica do noso idioma.

Autora, dirección e artista: Atenea García



Venres 14 de xuño / 18:30 h
Capela do Balneario
Puño puñete de Baobab teatro
Teatro / Música
Público familiar e infantil (1-6 anos)
Duración: 45 minutos - Con invitación

“Puño puñete” é unha experiencia máxica para gozar cos máis pequenos e as súas familias, onde poderán desfrutar de preciosas cancións e divertidas historias, todo aderezado con música en directo. Un espectáculo visual no que a tenrura é a protagonista. Unha experiencia entrañable para que os máis pequenos da casa esperten os seus cinco sentidos e desfruten das súas primeira sensacións a través da oralidade, a música e os contos.

Autora: Andrea Bayer | Dirección: Andrea Bayer e Óscar Ferreira | Elenco artístico: Iria Piñeiro e Davide González

Este espectáculo forma parte da “Xira Despedida de Baobab Teatro”, compañía con 15 anos de traxectoria e con numerosos premios MAX e María Casares



Venres 21 de xuño / 18:30 h
Capela do Balneario
Miau! de Teatro del Andamio
Teatro / Comedia
Público familiar e infantil (1-4 anos)
Duración: 40 minutos - Con invitación

Esta é a historia de Lola, unha nena de 4 anos. Este parece un día coma outro... pero non será así. Lola vai almorzar, pero hoxe o seu día será moi diferente, vai quedar ao coidado do seu avó, que fará que a súa neta pase un rato máxico cheo de momentos divertidos e ilusións.

Autor: Álvaro Guevara
Dirección: Tatiana Likhacheva y Alvaro Guevara
Elenco artístico: Gema Ulloa e Fran Martin



OUTRAS ACTIVIDADES

Obradoiro literario de escritura de Diego Giráldez

3, 10, 17 e 24 de abril e 2, 8 e 15 de maio de 2024 na Capela do Balneario

EXPOSICIÓNS / SALA DE EXPOSICIÓNS DO CCC DE ARTEIXO MANUEL MURGUÍA

Exposición de pintura “O xardín de Penélope, obra en proceso” de Polo

Do 17 de abril ao 16 de maio

Esta mostra fai referencia á personaxe feminina do poema “A Odissea” de Homero dedicada a tecer e destecer un sudario; facendo tempo mentres espera a volta do heroe que a salvará xunto co seu reino. Preséntase neste texto referencial un ideal de muller aínda vixente hoxe en día. Seguindo a Penélope, a artista cose con fío branco os diferentes óleos dando forma a un xardín doméstico que nos acolle, que nos convida ao encontro e á reflexión dende unha perspectiva de xénero. Cada pintura -vanitas- foi representada a partir do natural mentres se ía descompoñendo ofrecéndonos a beleza de cada estado.

Nesta exposición móstrase o proceso de desenvolvemento deste xardín con apuntes en acrílico, pezas en proceso e outras xa rematadas.

Exposición-Mostra Artística “Cultiva o teu lecer”

(en colaboración con participantes de actividades sociais do Concello de Arteixo)

Do 23 ao 30 de maio

Exposición do IES Manuel Murguía

Do 10 ao 20 de xuño



A Concellaría de Cultura do Concello de Arteixo lémbbralles que:

1. Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a **máxima puntualidade**.
2. **Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.**
3. Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.
4. **As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconectarse antes de entrar na sala.**
5. Para realizar **gravacións e tomar fotografías** deberán obter permiso previo da organización.
6. Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomendan as propias compañías polo que **en espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto**, que aboará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. **Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.**
7. En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por un adulto responsable dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.
8. Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan. Os espectáculos estarán suxeitos ao **aboamento de entrada ou á recollida de invitación**. Non poderá acceder ao

recinto ningún sen entrada ou sen invitación para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e compútase por persoas e non por butacas ocupadas.

ENTRADAS / INVITACIÓNS

VENDA DE ENTRADAS:

Online ou o día da función en horario de 11:30 a 13:30 h e 2 horas antes do seu comezo na Billeteira do CCC de Arteixo, até completar a capacidade da sala. O nº máximo de entradas limitarase a 5 por persoa.

O dereito á redución deberá acreditarse documentalmente (ordenanza fiscal nº 34)

DISTRIBUCIÓN DE INVITACIÓNS:

Online ou 1 hora antes da función na Billeteira do CCC de Arteixo até completar a capacidade da sala. O nº de invitacións limitarase a 5 por persoa.

+INFO

SM de Cultura
CCC de Arteixo Manuel Murguía
Paseo fluvial, s/n
981 659 100
cultura@arteixo.org
www.arteixo.org



Arteixo / Cultura

